

~Xacobe~

Ferramenta para a referenciación no contrato do prezo do leite de vaca

Manual de utilización:

¿Qué é Xacobe?

Xacobe é unha ferramenta informática para referenciar o prezo do leite á evolución actual de indicadores de mercado, e se así o acordan as partes negociadoras, pode modular simultaneamente en función da evolución dos custos de produción.

Vantaxes:

- non se basea na evolución dun índice fixo, ao ser totalmente configurable o valor que se lle queira dar a cada parámetro, é dicir, permite negociar e referenciar o prezo do leite á evolución dun índice “á carta”.
- en función do valor que se apliquen aos diferentes parámetros, pode ser utilizada para reducir os efectos da alta volatilidade dos prezos do leite
- o prezo do leite evoluciona en tempo real co mercado lácteo.
- permite que os contratos poidan ter unha maior duración, o que asegura a recollida do leite ao produtor e o subministro do mesmo ao comprador durante toda a duración do contrato podendo tomar ambos decisións técnico-económicas a maior prazo.

Esta ferramenta ponse a disposición do sector a través do Observatorio do sector lácteo de Galicia (OLGA) na web da Consellería do Medio Rural e do Mar, onde se poden consultar máis documentos técnicos e informativos da ferramenta.

¿En qué se basea Xacobe?

Xacobe está baseada nun algoritmo matemático que calcula o prezo do leite en función duns parámetros a seleccionar na propia ferramenta e na evolución das cotizacións no mercado europeo dos dous produtos industriais que maior correlación estatística manteñen co leite cru pagado en España/Galicia, a manteiga e o leite en po desnatado.


Ademais, permite ao usuario a opción de modular estes prezos en función das evolucións dos custos de produción do leite.

¿Cómo se usa Xacobeas?

Para acceder a Xacobeas deberá dirixirse á páxina web do Observatorio do sector lácteo de Galicia (OLGA) da Consellería de Medio Rural e do Mar e cumprimentar os datos do contrato a asinar.

Despois a propia ferramenta permitiralle imprimir un documento coas condicións de contratación seleccionadas para anexar ao contrato.

A continuación amósase a pantalla principal de Xacobeas e se describen as distintas seccións da mesma e a maneira de cumprimentalas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Xacobeas >>

~Xacobeas~ Ferramenta para a referenciación no contrato do prezo do leite de vaca

DATOS DO CONTRATO

REDUCCIÓN DA VOLATILIDADE (% da variación do prezo a tomar de cada produto) ⓘ

Manteiga: % Leite en po desnatado: %

MODULACIÓN POR CUSTOS DE PRODUCCIÓN DO LEITE (% da variación do prezo a tomar segundo a situación) ⓘ

Leite ▼ e Custos ▲: % Leite ▼ e Custos ▼: % Leite ▲ e Custos ▲: % Leite ▲ e Custos ▼: %

[Imprimir anexo do contrato](#)

TESTAXE EN ESCENARIOS PREVIOS (en base a histórico de datos) ⓘ

Data inicial: Data final: Prezo inicial: (€/100 l)

Comparación do prezo previsto pola simulación en comparación cos prezos de: [Calcular Simulación](#)

Importe a pagar segundo modelo (respecto ao pagado real): 0 % por cada 1000 € de importe do prezo real do leite, o modelo supón € 0


■ prezo do leite ■ proxección da simulación ■ simulación actual

1,00
0,75
0,50
0,25
0,00

2010-04-01 2010-07-01 2010-10-01 2011-01-01 2011-04-01 2011-07-01 2011-10-01 2012-01-01 2012-04-01 2012-07-01 2012-10-01 2013-01-01 2013-04-01 2013-07-01 2013-10-01 2014-01-01 2014-04-01

[Ver táboa](#) [Exportar \(xls\)](#)

Redución da volatilidade


REDUCIÓN DA VOLATILIDADE (% da variación do prezo a tomar de cada produto) 

Manteiga: % Leite en po desnatado: %

Nesta sección o usuario deberá introducir uns coeficientes (porcentaxes) de variación intermensual dos prezos da manteiga e o leite en po desnatado a tomar para os cálculos do modelo.

É dicir, para cada un dos dous produtos seleccionárase unha porcentaxe da subida ou caída do prezo dese produto dun mes respecto ao mes anterior, logo tomarase o promedio desas variacións intermensuais corrixidas para calcular o prezo do leite no contrato.

Modulación por custos de produción


MODULACIÓN POR CUSTOS DE PRODUCCIÓN DO LEITE (% da variación do prezo a tomar segundo a situación) 

Leite ▼ e Custos ▲: % Leite ▼ e Custos ▼: % Leite ▲ e Custos ▲: % Leite ▲ e Custos ▼: %

Agora deberemos introducir, para cada escenario, unha porcentaxe do prezo calculado no paso anterior coa cal nos quedaremos para calcular o prezo final que terá o leite cru de producirse esa situación.

Un valor 100% en todos os escenarios indica que non teremos en conta a modulación por custos de produción.

Testaxe en escenarios previos



Poderemos probar o modelo elixido en escenarios previos con datos reais de evolución dos prezos do leite en España ou Galicia.

Unha vez feita a simulación poderanse ver os datos en formato táboa ou exportalos a Excel.


Prezo inicial

Tanto no caso do contrato coma no caso da simulación, o usuario deberá marcar un prezo inicial para o primeiro mes. O criterio para escoller este prezo é libre.


Anexo do contrato

Unha vez seleccionados os parámetros desexados, o usuario pasará a introducir os datos reais do contrato: prezo inicial, data de inicio do contrato e duración.

DATOS DO CONTRATO


REDUCIÓN DA VOLATILIDADE (% da variación do prezo a tomar de cada produto) 

Manteiga: % Leite en po desnatado: %

MODULACIÓN POR CUSTOS DE PRODUCCIÓN DO LEITE (% da variación do prezo a tomar segundo a situación) 

Leite ▼ e Custos ▲: % Leite ▼ e Custos ▼: % Leite ▲ e Custos ▲: % Leite ▲ e Custos ▼: %

TERMOS DO CONTRATO:

Data de inicio do contrato:  Duración do contrato: (meses)

Prezo para o primeiro mes de contrato: (€/100 l)

[Imprimir anexo do contrato](#)

E tras premer no botón "Imprimir anexo do contrato" poderá acceder a un documento pdf onde se amosarán todos os parámetros seleccionados na aplicación, así como as datas iniciais e finais de contratación.

Resumo dos cálculos de Xacobeo

